



## DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO BUSTELO E BARALLÁNS, NOS CONCELLOS DE CABANA DE BERGANTIÑOS E CORISTANCO (A CORUÑA), PROMOVIDO POR EDP RENOVABLES ESPAÑA, S.L.U. (CLAVE 2020/0270)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito anexo I atópanse, no grupo 3.i, os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que este proxecto supera os 30 MW de potencia, concretamente ten unha potencia total de 36 MW e, ademais, atópase a menos de 2 km do parque eólico Silvarredonda, en funcionamento.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

### 1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

#### 1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é EDP Renovables España, S.L.U. e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

#### 1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización


De acordo ao Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) sometido a información pública, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 36 MW de potencia total nos concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco (A Coruña), composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (plataformas de montaxe, vieiros de acceso e servizo, gabias de cableado, torre meteorolóxica, torre de comunicacións, subestación transformadora 220/30 kV e edificio de control...) que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto, segundo a súa configuración inicial, son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 6
- Modelo previsto: Siemens Gamesa SG155 ou similar
- Potencia nominal unitaria: 6 MW
- Potencia total instalada: 36 MW
- Altura de buxa: 122,5 m
- Diámetro de rotor: 155 m
- Orzamento (execución material): 28.345.829,07 €



A continuación pódese visualizar un plano xeral da configuración inicial do proxecto:



Cada aerogenerador estará equipado cun centro transformador tipo seco no seu interior, de potencia unitaria 6.500 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV, coas súas correspondentes celas metálicas de seccionamento, manobra e protección. A enerxía recollerase mediante dúas liñas soterradas de 30 kV ata a subestación transformadora Bustelo e Baralláns 220/30 kV. A evacuación da enerxía xerada neste parque eólico realizarase de forma conxunta coa enerxía xerada polo parque eólico Alto Torreiro (proxecto independente).

A subestación transformadora "Bustelo e Baralláns" e o seu edificio de control, que ocupará unha superficie de 4.599,17 m<sup>2</sup>, estarán situados a unha cota media de 259,30 metros no concello de Cabana de Bergantiños. Para a integración paisaxística da mesma, deseñouse unha pantalla vexetal a base de frondosas autóctonas propias da área. Esta subestación permite a transformación da enerxía, e dende aí evacúase mediante unha liña aérea de alta tensión de 220 kV (liña eléctrica 220 kV evacuación SET "Monte Chan" – SET "Meirama") ata conectar nunha posición de liña coa subestación Meirama 220 kV (ambos proxectos independentes).





A lonxitude total da rede de camiños é de 8.607 m, dos cales 4.298 m son de nova construción, e 4.309 m corresponden a pistas existentes que será necesario acondicionar. Debido á sección tipo e ás pendentes do terreo, a superficie afectada polos vieiros internos será de 75.498 m<sup>2</sup> aproximadamente.

Todas as canalizacións eléctricas e de control serán subterráneas (os cables instalaranse directamente enterrados, en gabiá de 1,20 m de profundidade e anchura variable en función do número de circuitos). A lonxitude de gabias para as canalizacións eléctricas e de control do parque será de 12.830 m (superficie total de 38.489 m<sup>2</sup>), das cales 2.115 m irán paralelas aos vieiros internos do parque eólico Alto Torreiro (proxecto independente).

Para realizar un seguimento das características do vento durante a fase de explotación instalarase unha torre meteorolóxica, que terá unha altura de 122,5 m (ao sur do aeroxerador BB-01), e para a calibración desta instalarase unha torre de calibración provisional (na posición do aeroxerador BB-01). A plataforma de montaxe da torre meteorolóxica ocupará unha superficie total de 2.997,00 m<sup>2</sup> (incluíndo a base de montaxe, a localización do guindastre auxiliar e a zona da preparación da montaxe).

Instalarase unha torre de comunicacións nas inmediacións da subestación, de 80 m de altura.

O prazo de execución estimado é de nove meses.

Como consecuencia da tramitación ambiental, a raíz do informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o promotor propón unha serie de modificacións na configuración do proxecto respecto do reflectido no EslA de xaneiro de 2022. Entre estes cambios figuran, a modificación do acceso ao aeroxerador BB-01 e á torre meteorolóxica para non afectar aos contornos de protección tanto da Mámoa de Bustelo como do topónimo Medoña do Medio, e a modificación do acceso e gabiá que dan servizo ao aeroxerador BB-04 para non afectar ao contorno de protección dun posible xacemento indicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

A modificación descrita fai que se vexa lixeiramente modificada a lonxitude total dos vieiros, que se verá reducida de 8.607 m a 7.208 m (os vieiros a acondicionar pasan dunha lonxitude de 4.309 a 3.042 e os vieiros de nova creación de 4.298 a 4.166 m).

### 1.3. Principais elementos ambientais da contorna

O proxecto localízase na zona dos concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco, na zona occidental da provincia da Coruña. A área de implantación localízase na zona situada entre as paraxes denominadas Costa de Monelo, Monte de Covelo, Monte Longo, Petisco de Fontes e Alto de Torreiro.

A contorna presenta relevos suaves, conformado por sucesivas serras de cumios suaves, con altitudes que varían entre os 200 e 400 m, que se aproximan á costa intercalándose con amplos vales labrados por cursos fluviais que, tras recoller as augas dos regatos que descenden dos montes próximos, van a confluír na canle do río Anllóns. Toda a extensión supera os 180 m de altitude, sendo o valor medio aproximadamente 296 m.

A poboación da contorna divídese en numerosos núcleos rurais de pequeno tamaño, dispersos polas abas e o val; o principal núcleo de poboación é Ponteceso a 6,5 km ao noroeste, e Carballo a 9,4 km ao leste. As principais vías de comunicación no ámbito son a autovía AG-55 e as estradas AC-421, AC-423, ademais da DP-2901. A menos de 1.550 m dos aeroxeradores, identifícanse edificacións consideradas residenciais nos núcleos potencialmente afectados como son A Mata, Bustelo, Batán, Lestón, Galúa, Baralláns, Vilaverde, Ramallón e Castro.

O risco de accidentes graves ou catástrofes, segundo a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é baixo.

A nivel hidrolóxico, o proxecto está dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. O sistema de explotación no que se sitúa é o número 10 "Río Anllóns, Costa da Coruña ata o límite de Arteixo". Discorren próximos as actuacións definidas os seguintes cursos fluviais identificados





por Augas de Galicia: rego de Lourido (149029), río do Vao (149025) e rego de Barcia (149035), así como os afluentes respectivos, todos eles tributarios do río Anllóns (149).

O encoro existente máis próximo á zona de actuación é o encoro de "Batán" (ES.014.NR.149.025.01.00), a uns 1.025 metros ao sueste do aeroxerador BB-04.

No tocante ás Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no Plan hidrolóxico Galicia Costa (PHGC), as máis próximas ás actuacións previstas (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras) son: Monte do Covelo (ES014CACH000001780), Monte Longo ( ES014CACH000001779) e Agra de Bustelo ( ES014CACH000001777). O PHGC correspondente ao ciclo 2021-2027, pendente de ratificación polo Concello de Ministros recolle a seguinte zona: Areosa (ES014ABST-Pcuw-1132).

Respecto ás zonas protexidas a nivel hidrolóxico, na contorna das infraestruturas proxectadas detállanse tres zonas protexidas polo PHGC, que son tres Tramos de Interese de Especies Ameazadas: Marismas de Ponteceso - ES014TIEX000000032 (a 5,0 km ao noroeste da subestación), Marismas de Ponteceso - ES014TIEX000000031 (a 6,2 km ao noroeste da subestación) e Xallas - ES014TIEX000000011 (a 9,7 km ao sueste do aeroxerador BB-04). Detállase unha zona protexida a nivel estatal e autonómico que é un límite de rías denominado Ría de Corme-Laxe - ES014RIAS000000009 (a 5,2 km ao noroeste da subestación). A nivel europeo existen varias zonas protexidas: unha zona de produción de moluscos bivalvos denominada Ría de Corme-Laxe - ES014PEAEGAL-06/03 (a 6,5 km ao noroeste da subestación), un perímetro de augas mineiro-termais Balneario de Carballo - ES014PAMT15021 (a 6,7 km ao nordés do aeroxerador BB-06) e unha Área de Importancia para as Aves (IBA) denominada Costa da Morte (Norte) - ES014IBAS004 (a 4,1 km ao noroeste da subestación).

Dátanse un total de cinco captacións inscritas no Libro de Rexistro de Augas de Galicia (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras): DH.A15.50608 (titularidade particular), DH.A15.20985 (titularidade particular), DH.AH15.29406 (titularidade particular), DH.A15.20374 (titularidade da comunidade de augas) e DH.A15.30284 (titularidade particular).

Os concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco están clasificados como Zona de Alto Risco de Incendio segundo a Orde de 18 de abril de 2007, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

Os terreos ocupados teñen unha clara vocación forestal predominando masas produtivas de *Eucalyptus spp.*, *Pinus spp.* e matogueira, e en menor medida, zonas de uso agrícola. Os bosques de frondosas autóctonas atópanse reducidos ás marxes dos curso fluviais e en mestura cos cultivos forestais. A infraestrutura non afectará a masas consolidadas de frondosas autóctonas agás pés illados.

En canto a hábitats naturais, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite no seu informe que, de acordo ao *Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005)*, na zona de actuación localízanse teselas onde se identifican os hábitats naturais de interese comunitario e/ou prioritarios (\*): uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (4020\*) e uceiras secas europeas (4030).

Entre a fauna inventariada, na cuadrícula 10x10 km que abrangue o ámbito de actuación do proxecto (29TNH18), segundo a documentación aportada pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, existen varias especies protexidas e incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) coas categorías de vulnerable (os invertebrados: *Geomalacus maculosus*, *Charonia lampas* e *Echinus esculentus*; os anfibios: *Chioglossa lusitanica* e *Rana iberica*; os mamíferos: *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros* e *Galemys pyrenaicus*; e as aves: *Circus cyaneus*, *Circus pygargus* e *Scolopax rusticola*) ou en perigo de extinción (as aves: *Milvus milvus*, *Gallinago gallinago*, *Numenius arquata* e *Vanellus vanellus*).

O proxecto atópase dentro do ámbito de aplicación do Plan de recuperación da subespecie lusitanica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. Subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, taxón cualificado como en perigo de extinción no CGEA. Non obstante, non é previsible ningunha afección





sobre a especie ao non detectarse humidais no ámbito de actuación (a súa área de distribución potencial).

Segundo os traballos de campo realizados e indicados no EslA, detectáronse un total de 48 especies de aves (o 45% das incluídas no Inventario de Especies Terrestres) ademais de detectarse tres especies a maiores: *Anthus pratensis*, *Ficedula hypoleuca* e *Milvus migrans*. Destacan a presenza de especies características de hábitats abertos (*Corvus corone*, *Alauda arvensis*, *Linnaria cannabina* e *Carduelis caruelis*) pero tamén especies propias de ambientes forestais (*Fringilla coelebs*) e especies cosmopolitas (*Columba palumbus* e *Pica pica*). Estas sete especies representan o 44% da densidade total rexistrada durante os traballos de campo.

No que atinxe a espazos protexidos e outras zonas ou elementos de interese ambiental, o ámbito non se atopa sobre ningunha destas figuras de protección, estando o espazo natural máis próximo a 1.173,29 m, a Zona de Especial Conservación (ZEC) Río Anllóns.

No que respecta á paisaxe, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na Grande Area Paisaxística Chairas e Fosas Occidentais, na comarca paisaxística de Bergantiños.

As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas son: a AEIP-09-02 Río Lourido, situada ao carón da subestación e do aeroxerador BB-05; a AEIP-09-01 Refuxio de Verdes, situada a 1.600 m ao nordés do aeroxerador BB-06; e a AEIP-09-06 Pozo da Forca localizada a 1.600 m ao sur da posición do aeroxerador BB-01.

Respecto aos miradoiros, ao redor do parque localízanse os seguintes: Pico Meda (a 7,4 km ao sur), Alto da Fernandiña (a 8,3 km ao oeste), Miradoiro J.L. Rabuñal Patiño (a 7,3 km ao noroeste), Monte Branco (a 8,7 km ao noroeste), Capela da Nosa Señora do Faro (a 10,6 km ao noroeste), Fuso da Moura (a 11,2 km ao norte) e Monte Neme (a 8,5 km ao nordés).

En relación a outros valores recollidos no Catálogo das paisaxes, a 6,5 km ao norte discorre o sendeiro PR-G 148 Ruta do Mar de Corme e Ribeira do Anllóns, e máis lonxe, a uns 9,6 km ao leste, o PR-G 142 Rota das Férvadas e a 13,4 km ao oeste, o PR-G 70 Sendeiro Laxe-Punta Ínsua, así como a Senda dos Faros.

O principal impacto paisaxístico será a incidencia visual derivada da presenza dos aeroxeradores nunha zona elevada, que serán visibles desde unha ampla extensión de terreos, tanto dende o bordo litoral como nas zonas de val interior e a longas distancias e esta incrementárase polo efecto sinérxico doutros parques.

E, por último, respecto ao patrimonio cultural, cabe destacar por proximidade os Bens de Interese Cultural (BIC) Dolmen de Dombate, Castro de Borneiro e Torre de Nogueira e, como resultado da prospección arqueolóxica, tal e como se indica no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, na banda de 200 m, identificaráronse un total de 25 elementos de patrimonio cultural, dos que 10 son de carácter arqueolóxico, 2 de carácter arquitectónico e 13 de carácter etnolóxico. Estes elementos son:

- Casa do Muíneiro e Muíños (AE1)
- Avenida de Carballos das Torres do Allo (AE2)
- Conxunto de tres Muíños no Cotón do Muíño (AE3)
- Hórreos de Lamas (AE4)
- Casa na Cuca (AE5)
- Hórreos San Xusto I e II (AE6)
- Hórreo San Xusto III (AE7)
- Casa de Pardo en Golúa-Cruceiro de Cotón (AE8)
- Hórreos de Golúa I e II (AE9)
- Muíño de Baralláns (AE10)
- Valados (AE10)
- Hórreo de Baralláns (AE11)





- Hórreo de Perrol (AE11)
- Muíño do Río do Grelo 2 (AE12)
- Camiño histórico (AE13)
- Mámoa de Midón (GA15029020)
- Mámoas da Granxa (RE15029007)
- Mámoa da Cuca (GA15029017)
- Mámoa da Costa do Castelo (GA15093100)
- Xacemento do Allo (GA15093090)
- Mámoa do Allo 1 (GA15093015)
- Mámoa do Allo 2 (GA15093091)
- Mámoa de Repetín 2 (GA15014055)
- Mámoa de Repetín 1 (GA15014052)
- Mámoa de Bustelo (GA15029013)

## 2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

### 2.1. Resumo da tramitación

O 24.04.2020, EDP Renovables España, S.L.U. presentou unha solicitude de autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica e as súas infraestruturas de evacuación para o proxecto denominado parque eólico Bustelo e Baralláns ao abeiro da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación Ambiental, modificada pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia.

O 20.11.2020 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais notifica ao promotor o cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 30 e 31 da Lei 8/2009.

O 02.12.2020 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, para continuar coa tramitación do procedemento de autorización administrativa previa e de construción do proxecto, remite un oficio a esta dirección xeral no que solicita que, como órgano ambiental, elabore o documento de alcance do EslA ao abeiro do artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Achegando para iso, xunto coa solicitude presentada polo promotor o 24.04.2020, o documento inicial do proxecto titulado *Parque eólico Bustelo y Baralláns. Documento de inicio para sometimento de evaluación de impacto ambiental. Junio 2020* (asinado dixitalmente nas datas 13.07.2020 e 14.07.2020).

En canto ao trámite ambiental e como xa se sinalou con anterioridade, o proxecto está incluído no anexo I da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que se somete á avaliación de impacto ambiental (AIA) ordinaria conforme á citada lei.

Co obxecto de elaborar o documento de alcance, esta dirección xeral, iniciou o período de consultas previsto no antedito artigo 34. As administracións, organismos e entidades consultadas para os ditos efectos foron as seguintes:

- Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral de Saúde Pública
- Augas de Galicia
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Axencia de Turismo de Galicia
- Concello de Cabana de Bergantiños
- Concello de Coristanco
- Federación Ecoloxista Galega (FEG)
- Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)
- Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO)





Unha vez finalizado o período de consultas, mediante oficio do 03.03.2021, esta dirección xeral remitiulle ao órgano substantivo o documento de alcance do EsIA cunha serie de consideracións sobre a amplitude e nivel de detalle do EsIA a elaborar polo promotor, con copia das respostas recibidas ata ese momento (Instituto de Estudos do Territorio, Augas de Galicia, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Axencia Turismo de Galicia e SGHN) así como as dúas achegas ou suxestións de asociacións recibidas a través de diversas canles (Amigos e Amigas dos Bosques "O Ouriol do Anllóns" e Amigos da Terra), a ter en conta polo promotor para a elaboración do EsIA.

Así mesmo, trasladáronse unha serie de indicacións sobre os trámites que tiña que realizar o órgano substantivo na avaliación de impacto ambiental ordinaria (información pública e a relación dos organismos a consultar sobre o EsIA) e o contido do expediente que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

Con posterioridade á emisión do devandito oficio, recibíuse a resposta da Dirección Xeral de Saúde Pública, do Concello de Coristanco e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en resposta ás consultas efectuadas polo órgano ambiental sobre o alcance do EsIA, dándosele traslado ao órgano substantivo para que llas achegase ao promotor.

O 09.09.2022 mediante Acordo do 1 de setembro de 2022 (publicado no DOG núm. 172), a Xefatura Territorial da Coruña someteu a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o Estudo de Impacto Ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Bustelo e Baralláns, nos concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco (expediente IN408A 2020/61). Así mesmo, en consonancia co anterior, a dita xefatura territorial iniciou o trámite de consultas sobre o EsIA.

O 01.03.2023 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente de avaliación de impacto ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, como órgano substantivo por razón da materia, para os efectos de continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

O 15.03.2023 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais remite unha serie de documentación entre a que figura o documento titulado *Addenda al Estudio de Impacto Ambiental del parque eólico Bustelo y Baralláns. Modificado Sustancial* (asinado dixitalmente o 10.03.2023) e un escrito de resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

## 2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o EsIA, o Proxecto de Execución, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións de carácter ambiental, un plano xeral coa configuración do parque eólico, arquivos *shapefile* e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA.

➤ En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un informe, con data do 22.02.2023, no que indica os antecedentes administrativos e resume e analiza a documentación aportada no que respecta ao patrimonio natural e á biodiversidade.

En canto ao proxecto indica que non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, ningunha área protexida por instrumentos internacionais, ningún espazo que se atope en estudo por esta dirección xeral por reunir importantes valores ambientais, non afecta a zonas húmidas recollidas no Inventario de humidaís de Galicia (IHG), non afecta a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión e que non se datan árbores ou formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras.

Detállanse as canles fluviais, os hábitats de interese comunitario e prioritarios, as especies protexidas segundo o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) e indicase que o proxecto se atopa dentro





do ámbito de aplicación do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. Subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia.

A continuación, fai unha serie de observacións respecto do proxecto, no que atinxe ao inventario ambiental, entre as que cabe destacar:

- Os traballos de campo reflicten un ciclo anual completo, de maneira que se representa de forma íntegra a caracterización de aves e quirópteros no ámbito de estudo.
- O cálculo dos índices de biodiversidade reflicte que os hábitats do ámbito de estudo albergan unha boa diversidade de aves e que a diversidade é a esperada na zona. Durante os meses iniciais do ano obsérvase unha lixeira oscilación nos valores de densidade.
- Sinalan que na primavera se observan valores acordes co inicio da época reprodutora, de forma que ten lugar un aumento progresivo da densidade de aves. Durante a época estival obsérvase, polo xeral, un descenso progresivo da densidade, alcanzando en setembro o valor mínimo, posiblemente relacionado co final da época reprodutora. Nos últimos meses do ano obsérvanse fluctuacións nos valores de densidade, a pesar diso, sinalan que en decembro se rexistra un importante aumento, alcanzando así o valor máximo mensual, probablemente vinculado co recrutamento de efectivos invernaes de pica dos prados (*Anthus pratensis*), o cal se observou formando grupos numerosos.
- A zona con maior densidade acumulada e que alcanza os valores máximos de abundancia total e a área do aeroxerador BB-04. Detectáronse 4 especies de aves rapaces diúrnas. A especie cuxa presenza foi máis habitual é o miñado (*Buteo bueto*) co 70% dos contactos, seguido do gabián (*Accipiter nissus*) e do millafre negro (*Milvus migrans*) co 14% das observacións cada un deles. Tamén se rexistraron deteccións puntuais de azor (*Accipiter gentilis*).
- A área do aeroxerador BB-01 e a que presenta maior abundancia de aves rapaces, detectáronse o 29% das observacións rexistradas ao longo da anualidade dos estudos, sendo tamén a que posúe a maior diversidade específica (observáronse as catro especies de aves rapaces rexistradas nos traballos de campo), e as catro presentan un Índice de Sensibilidade de Rapaces (RSI) medio.
- Respecto ás aves nocturnas, detectouse unha especie, a curuxa común (*Tyto alba*) e existen hábitats favorables para especies como a avenoteira cincenta (*Caprimulgus europeaus*).
- Non se detectaron colonias, dormideiros ou comportamentos reprodutivos, nin áreas de nidificación de ningunha especie.
- Respecto aos quirópteros, as catro especies identificadas no EsIA e catalogadas como vulnerables a nivel autonómico (*Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus euryale*, *Nyctalus lasiopterus* e *Rhinolophus hipposideros*) foron detectadas durante os censos acústicos e supoñen o 0,7% da actividade rexistrada. Ademais, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros* tamén se identificaron durante as prospeccións de refuxios. Tamén se detectou a presenza de varias especies do xénero *Myotis*.

Desde os puntos de observación de rapaces, o alcance de visión do observador non supera os 300 m, sendo a información acadada válida unicamente para os aeroxeradores que coinciden cos puntos de observación. Aínda así, considérase que os resultados son homoxéneos e o uso do espazo ao redor do resto de aeroxeradores será similar.

Observáronse 1,8 rapaces/hora, o que supón case once rapaces voando ao redor dos aeroxeradores, polo que "as rapaces deberán optar entre asumir o risco de chocar coas aspas ou manter unha distancia de seguridade á conta de perder hábitat".







Indícase que *"os datos de morcegos achegados polo estudo son útiles para coñecer o uso que os morcegos fan á altura do chan, pero non son útiles para valorar os efectos dos aerogeradores á altura de varrido das aspás, que é a zona de risco e onde probablemente haberá grandes diferenzas con respecto ao chan"*.

Asemade, faise unha valoración dos efectos acumulativos e sinérxicos na que se conclúe que *"as máquinas deste proxecto son asumibles"*.

Conclúese afirmando que *"non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e se teñan en conta as seguintes consideracións"*. Das consideracións establecidas, pódense destacar as seguintes:

- Os hábitats de interese comunitario existentes na contorna non poderán verse afectados directamente ou indirectamente polos traballos nin indirectamente por tarefas asociadas aos mesmos.
- Evitarase o depósito de residuos ou materiais en zonas onde os escoamentos produzan arrastres aos cursos fluviais.
- Queda prohibida calquera vertedura de material contaminante e tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derrames accidentais.
- Todas as augas que saian das zonas de instalacións das obras, someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos; así como todas as augas procedentes dos formigonados, as que ademais deberán someterse á regulación do pH e eliminación de aceites e graxas.
- Durante a realización dos traballos non se producirán arrastres nin enturbamentos das augas continentais susceptibles de ser afectadas.
- A restauración, tanto das zonas desmanteladas como das zonas afectadas polas novas actuacións, realizarase segundo o plan de restauración coa finalidade de recuperar os hábitats de interese comunitario existentes na contorna.
- Respecto aos quirópteros:
  - Restrinxirase a rotación das pás das turbinas por baixo da velocidade de réxime, determinando a velocidade do vento en buxa por baixo da cal os aerogeradores permanecerán parados. No caso de querer operar a velocidades inferiores á velocidade de réxime, deberá realizarse un estudo sobre as frecuencias de voo de cada especie de morcego en función das condicións de operación (poderase entregar antes o despois da instalación do parque eólico).
  - No plan de vixilancia ambiental informarase sobre os tempos que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e a porcentaxe en que os aerogeradores permaneceron parados por este motivo.
- Respecto ás aves:
  - Implementaranse tecnoloxías para reducir o impacto por colisións (sistemas de detección baseados en vídeo (DtBird® ou similar), co fin de conseguir un seguimento das aves e mitigar a mortalidade mediante sons de alerta ou o paro das turbinas.
  - Como medida disuasoria pasiva, levarase a cabo o pintado das aspás dos aerogeradores. O plan de vixilancia ambiental medirá a mortalidade e compararáa coa mortalidade dos





parques lindeiros (con aeroxeradores sen pintar), é dicir, avaliará tanto o impacto do parque eólico por colisión sobre as aves e os morcegos, como a efectividade das medidas requiridas.

Ademais, engade un apartado no que se establecen as condicións mínimas para o plan de vixilancia no relativo ao control da mortalidade por colisión durante a fase de explotación.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informa respecto do EsIA e do Proxecto de Interese Autonómico en relación ao patrimonio cultural, con data do 27.02.2023. Neste informe indícanse os antecedentes, a lexislación de aplicación relativa ao patrimonio cultural, realízase unha análise do EsIA no relativo ás competencias desta dirección xeral e, por último, informa ao respecto. Nos seguintes parágrafos exprésase de forma resumida o contido do mesmo.

Respecto ao documento ambiental indícase: que se analizan tres alternativas, elixindo a alternativa 3 como a mellor opción ambiental, social e económica; que no capítulo *IV Diagnóstico territorial y del Medio Ambiente* (punto 4. *Patrimonio Cultural*) se fai referencia ao documento *02-Planos* no que figuran os bens culturais incluídos nalgunha das categorías de protección da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia; os BIC Domen de Dombate, Castro de Borneiro e Torre de Nogueira; e remítese ao *Anexo 4 Estudio de Impacto Arqueolóxico* (que conterá os resultados da prospección arqueolóxica e que no momento da redacción da memoria do EsIA aínda estaba sen realizar).

Como Anexo 4 achégase a *Memoria de prospección arqueolóxica intensiva PE Bustelo-Baralláns, Cabana de Bergantiños e Coristanco (A Coruña)*, na que se documentaron 23 elementos do patrimonio cultural na zona de estudo: 10 de carácter arqueolóxico, 3 de carácter arquitectónico e 10 de carácter etnolóxico.

Como resultado da prospección arqueolóxica, na banda de 200 m, identificáronse 25 elementos, dos cales 10 son bens de carácter arqueolóxico, 2 de carácter arquitectónico e 13 de carácter etnolóxico. A continuación indícanse os ditos elementos, o axente de impacto e distancia, e o tipo de impacto:

- Casa do Muiñeiro e Muíños (AE1). Acondicionamento do camiño de acceso Sur (AC-552) e modificación de liña aérea a 70 m. Impacto compatible.
- Avenida de Carballos das Torres do Allo (AE2). Acondicionamento do camiño de acceso Sur (AC-552) e modificación de liña aérea a 116 m. Impacto compatible.
- Conxunto de tres Muíños no Cotón do Muíño (AE3). Acondicionamento do camiño de acceso Sur (AC-552) e modificación de liña aérea a 163 m. Impacto compatible.
- Hórreos de Lamas (AE4). Acondicionamento do camiño de acceso Sur (AC-552) e modificación de liña aérea a 40 m. Impacto compatible.
- Casa na Cuca (AE5). Acondicionamento do camiño de acceso Norte (DP-2902) e modificación de liña aérea a 95 m. Impacto compatible.
- Hórreos San Xusto I e II (AE6). Acondicionamento do camiño de acceso Norte (DP-2902) a 179 m. Impacto compatible.
- Hórreo San Xusto III (AE7). Acondicionamento do camiño de acceso Norte (DP-2902) a 93 m. Impacto compatible.
- Casa de Pardo en Golúa-Cruceiro de Cotón (AE8). Camiño de acceso interno a >200 m. Impacto compatible.
- Hórreos de Golúa I e II (AE9). Camiño de acceso interno a 62 m. Impacto compatible.
- Muíño de Baralláns (AE10). Gabia de cableado a 54 m. Impacto compatible.





- Valados (AE10). Aeroxerador BB-03 e o seu acceso a 0 m. Impacto severo.
- Hórreo de Baralláns (AE11). Gabia de cableado a 43 m. Impacto compatible.
- Hórreo de Perrol (AE11). Gabia de cableado a >200 m. Impacto compatible.
- Muíño do Río do Grelo 2 (AE12). Gabia de cableado a >200 m. Impacto compatible.
- Camiño histórico (AE13). Camiño de acceso e gabia de cableado a 0 m. Impacto severo.
- Mámoa de Midón (GA15029020). Acondicionamento da vía de acceso norte. O elemento sitúase a 92 m das obras próximas, non afectando as obras proxectadas ao elemento nin á súa área de respecto. As obras realízanse no lado oposto da calzada onde se atopa o túmulo. Impacto moderado.
- Mámoas da Granxa (RE15029007). Acondicionamento da vía de acceso norte (DP-2901). A zona central onde se sitúa a referencia sitúase a 112 m das obras máis próximas, sendo as obras proxectadas máis próximas a 63 m da zona de respecto delimitada. Impacto compatible.
- Mámoa da Cuca (GA15029017). Modificación da liña aérea. Acondicionamento da vía de acceso norte (DP-2901). O elemento sitúase a 104 m das obras máis próximas, non afectando as obras proxectadas ao elemento nin á súa área de respecto. Impacto compatible.
- Mámoa da Costa do Castelo (GA15093100). Acondicionamento da vía de acceso sur (AC-552). O elemento sitúase a 149 m das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas sobre o elemento, aínda que estas invaden a súa zona xenérica de protección. Impacto compatible.
- Xacemento do Allo (GA15093090). Modificación da liña aérea. Acondicionamento da vía de acceso sur (AC-552). O elemento está situado a máis de 200 m das obras máis próximas, polo que non se ve afectado, estando delimitada a súa área de respecto 80 metros das obras proxectadas. Impacto compatible.
- Mámoa do Allo 1 (GA15093015). Modificación da liña aérea. Acondicionamento da vía de acceso sur (AC-552). O elemento sitúase a 163 m das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas ao elemento. Impacto compatible.
- Mámoa do Allo 2 (GA15093091). Modificación da liña aérea. Acondicionamento do camiño acceso Sur (AC-552). O elemento sitúase a 157 m das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas ao elemento. Impacto compatible.
- Mámoa de Repetín 2 (GA15014055). Acondicionamento da vía de acceso sur (AC-552). O elemento sitúase a 113 m das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas sobre o elemento, aínda que estas invaden a súa zona xenérica de protección. O elemento está situado no lado oposto da estrada de actuación. Impacto compatible.
- Mámoa de Repetín 1 (GA15014052). Modificación da liña aérea. Acondicionamento da vía de acceso sur (AC-552). O elemento sitúase a 73 m das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas sobre o elemento, aínda que invaden a súa área de protección xenérica. Impacto moderado.
- Mámoa de Bustelo (GA15029013). Vía ou parque de acceso interior. O elemento sitúase a 190 m das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas sobre o elemento, aínda que afectando lixeiramente á súa área de respecto. Hai unha notable diferenza de cota entre a localización do elemento e a zona onde se proxectan as obras máis próximas. Impacto compatible.





Detállanse unha serie de medidas correctoras de carácter xeral e indícase que no *Anexo 6. Estudio de impacto e integración paisaxística*, se analiza a visibilidade desde os núcleos de poboación e elementos de interese paisaxístico e cultural (no que se inclúen infografías).

Polo que, á vista do expresado anteriormente e dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural infórmase que é necesario realizar unha modificación do proxecto no relativo ás seguintes cuestións:

- *O vieiro proxectado para dar acceso á torre anemométrica e ao aeroxenerador BB-01, quedando prohibidas as obras en toda a zona de protección da Mámoa de Bustelo (GA15014069).*
- *Ademais deberá de valorarse o topónimo Medoña do Medio (TO15014014), que non se tivo en conta no estudo arqueolóxico, para verificar se se trata ou non dun xacemento arqueolóxico. No caso de que se determine ao seu carácter patrimonial, todas as obras deberán de quedar situadas a máis de 200 metros do seu límite exterior.*
- *Tamén deberá de valorarse o interese patrimonial do punto marcado como 640 no artigo Hybrid MSRM-based deep learning and multitemporal Senti-nel-2-based machine learning algorithm detects near 10k ar-chaecological tumuli in North-western Iberia. Redactado por Iban Berganzo-Besga, Hector A. Orengo, Felipe Lumbreras, Miguel Carerro-Pazos, João Fonte e Benito Vilas-Estévez publicado en Remote Sensing, Volume 13, no ano 2021. Que está situado nas coordenadas UTM (EPSG:25829 - ETRS89 / UTM zone 29N) X= 515.528 Y= 4.779.898, no caso de que se trate dun xacemento arqueolóxico deberá modificarse tanto o vieiro como a gabia que dan servizo á máquina BB-04, que deberían de quedar situadas a máis de 200 metros do límite exterior do elemento. No caso de atoparnos ante un simple afloramento as obras poderán manter o actual deseño.*

Por outra banda, "o resto de infraestruturas infórmase de xeito favorables, coas medidas establecidas na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do anexo 4 do EIA, debéndose, en todo caso, ter en conta o seguinte":

- Con anterioridade ao inicio das obras será necesario definir o trazado do camiño de Santiago coñecido como "vía Céltiga" na zona da poligonal, e valorar o impacto que as obras poden causar sobre o mesmo. Establecerase a relación que presenta co camiño histórico indicado no EIA. A proposta de medidas correctoras establecida na memoria para o camiño histórico, que inclúe control e seguimento das obras e reposición de muros, deberá de estenderse a todo o trazado da Vía Céltica, mantendo e respectando todas as estruturas tradicionais existentes no trazado e apartando fóra da banda de protección, que recolle a lei de patrimonio cultural para este tipo de bens (30 metros), calquera tipo de instalación de carácter permanente ou temporal que poda implicar grandes movementos de terra ou amoreamento de materiais.

Será necesario enviar unha descrición clara de todas as obras de accesos, e detallar o acceso ata a zona da subestación. Imprescindible aportar planimetría de detalle que clarifique as características de todos os traballos de acondicionamento previstos. Coa información proporcionada resulta imposible determinar se a categorización dos impactos é a correcta, polo que non se pode determinar a completa idoneidade das medidas correctoras propostas, e se resulta necesario incluír algunha outra acción.

- Extremarase o control e seguimento arqueolóxico nas rozas e remoción de terras, nas partes dos trazados destes camiños polas que discorran as gabias e se empreguen como vieiro do parque, ao obxecto de poder localizar posibles achados do camiño orixinal e proceder á súa conservación. A execución deste vieiro de acceso deberá ter presente o camiño tradicional existente e respectar a súa continuidade en todos os puntos de interceptación para permitirlle seguir manténdose en uso.
- A gabia de cableado que conecta os aeróxeradores da zona sur coa subestación deberá discorrer pola marxe do camiño que coincide coa Vía Céltica que menos afección cause e sen





cruzalo repetidas veces. En canto á posición da subestación, deberá gardar cando menos os 30 m de separación co trazado identificado na memoria arqueolóxica como Camiño histórico e prever a plantación de arborado autóctono no seu contorno para mitigar a súa visibilidade.

- Prestarase especial atención ás afeccións sobre os valados e muros de pedra feitos coa técnica tradicional de construción de pedra en seco que poidan existir na zona de obras e en especial aqueles identificados no anexo 4 do EsIA. Para iso, nas rozas e replanteo de accesos, plataformas, cimentacións e gabias de cableado estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente e reflectilos en cartografía os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se podan ver afectados polas obras. En todo caso, procurárase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas. Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso e durante as labores de restauración ambiental procederase á reintegración e remate axeitado.
- Unha vez autorizado o proxecto de execución e , previo inicio das obras, deberá un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia:
  - Recolleranse todas as medidas protectoras e correctoras xerais e específicas establecidas no EsIA e addendas deste sobre patrimonio cultural, e mais as derivadas das consideracións que se fan no presente informe.
  - Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos ocupados polas diferentes obras: plataformas, cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que se realizaran rozas de vexetación previas a executar calquera movemento de terras, sempre baixo control arqueolóxico.
  - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, contínuo e a pé de obra nos contornos de protección dos elementos arqueolóxicos documentados ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras. Realizarase un especial control dos perfís e cortes que se xeren.
  - No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos, o que poderá dar lugar a modificacións na implantación das infraestruturas e ao establecemento de novas medidas protectoras, correctoras.
  - Calquera modificación do parque eólico terá que ser informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
  - Deberá de certificarse o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.

Ademais, indícase ao final do informe, que as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

En resposta a dito informe o promotor emite un escrito, con data do 13.03.2023, no que manifesta que se levará a cabo a modificación do acceso ao aeroxerador BB-01 e á torre meteorolóxica, así como a modificación do aceso e gabia que dan servizo ao aeroxerador BB-04. Ademais, solicita que se teña por presentado en tempo e forma dito escrito e documentación técnica posibilitando a continuidade do expediente ata a súa aprobación final.

- O Instituto de Estudos do Territorio (IET) emite un informe sobre o impacto e a integración paisaxística do proxecto, con data do 04.11.2022.





Nos antecedentes cita que con data do 24.02.2021 este mesmo instituto emitiu un informe en relación ao documento de inicio, no que indicaba que o promotor debía incorporar un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) e facendo unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas sobre a paisaxe con criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos a acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto. Posteriormente, indica que o EslA inclúe un EIIP (con data de xuño de 2021) como documento específico (anexo 9).

Caracteriza a paisaxe afectada e fai unha análise do contido do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística propostas.

Indica que o EIIP consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe de acordo ao Catálogo das paisaxes de Galicia, un estudo da calidade e a fragilidade visual do ámbito, cálculos de cuncas visuais por aeroxeradores e do parque, identifícanse e valóranse os impactos e descríbense as medidas preventivas e correctoras adoptadas para minimizalos. Ademais, fai referencia a que contén un apartado coa xustificación do cumprimento das Directrices da paisaxe e outro con medidas preventivas e correctoras.

Sinala que o principal impacto paisaxístico será a incidencia visual derivada da presenza dos aeroxeradores nunha zona elevada, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos, tanto dende o bordo litoral como nas zonas de val interior (sobre os núcleos de poboación e as paisaxes naturais asociadas ao curso do río Anllóns), e as longas distancias. A incidencia visual perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementado polo efecto sinérxico doutros parques eólicos na contorna (o máis próximo un parque en explotación a 800 m ao leste da posición BB-01, e outro en tramitación a 1,5 km ao noroeste do aeroxerador BB-05) o cal pode producir unha saturación visual de infraestruturas nesta zona do territorio. Entre as zonas afectadas pola incidencia visual destacan os espazos públicos dos múltiples núcleos de poboación nos vales interiores (especial incidencia sobre Ponteceso), as AEIP (principalmente a AEIP-09-02 Río Lourido, os miradoiros (especialmente o Pico Meda e Monte Neme) e as rutas de sendeirismo como a Senda dos Faros.

Respecto ás medidas de integración paisaxística previstas no EIIP, considéranse adecuadas, non supoñendo un impacto crítico debendo completarse da seguinte forma:

- Respecto ao edificio da subestación, debido ao tipo de edificación que constitúen, é dicir, instalacións de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz de paisaxe DX.17.c.4, considerarase o emprego de técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional.
- Para unha mellor integración paisaxística da subestación, de acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b.1 e DX.20.o, o peche da parcela deberá complementarse cunha sebe vexetal, de especies autóctonas e adecuadas ao lugar (pode consultarse a este respecto a *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*).
- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de numerosos núcleos rurais nun radio menor a 1 km ao proxecto de entre os recollidos no PBA, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes, empregando sempre que sexa posible especies autóctonas.

Engade que o contido do EIIP se axusta ao disposto na Lei 7/2008 e no RLPPG e que non é necesario solicitar novo informe do IET e que, de acordo co artigo 30.3 do RLPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.





En resposta a dito informe o promotor emite un escrito de aceptación do condicionado establecido (con data do 28.11.2022), e achega o documento actualizado *Anexo 6: Estudio de Impacto e Integración Paisaxística* de xuño do 2021.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET), emite un segundo informe con data do 17.01.2023, no que indica que a documentación achegada polo promotor, entre a que se atopa o novo EIIIP, se pode considerar completa segundo o RLPG e *"respecto ao anteriormente informado, inclúe a xustificación da incorporación dos obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe relacionadas coas indicacións efectuadas no anterior informe do IET, actualiza no mesmo sentido as medidas de integración paisaxística no referente á subestación"*.

Por outro lado, en relación aos impactos sobre os núcleos rurais indícase que o promotor declara non ter *"información específica sobre a preocupación social"* e *"non se deduce a posibilidade de aplicación de medidas correctoras mediante plantacións arbóreas"* remitindo a posibilidade de *"levar a cabo algunha intervención mitigadora durante o desenvolvemento da execución das obras"*.

Conclúe reiterando o anterior informe, sinalando que, en canto á incidencia visual sobre os núcleos rurais, existen varios nun radio menor a 1 km e que deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o impacto visual estudándose a *"posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes, empregando sempre que sexa posibles especies autóctonas e estas medidas deberán quedar recollidas no anexo de restauración do EslA, no caso de que finalmente proceda adoptalas"*.

Indica que non é necesario solicitar un novo informe do IET.

En resposta o promotor emite un escrito, con data do 02.02.2023, no que solicita que se teña evacuado o trámite conferido e que se continúe co expediente polo proceso legalmente establecido ata a súa aprobación final.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública emite un informe, con data do 04.01.2023, que se realiza avaliando se na documentación se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos do proxecto no medio ambiente con posible repercusión sobre a saúde humana. Sinala que é importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso debe existir unha vía de exposición completa.

Ademais, o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica, co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas. A continuación efectúa unha avaliación do proxecto desde os seguintes puntos de vista: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos e identificación das posibles vías de exposición (aire, augas, chan e outras consideracións).

Conclúe informando como *"favorable condicionado á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, da documentación e información dos aspectos que se relacionan a continuación"*:

- Ao respecto do emprego do hexafluoruro de xofre (SF<sub>6</sub>) nos equipos eléctricos, non aporta recomendacións nin medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, na carga e descarga dos equipos que o empreguen. Deberá aportar no estudo de impacto ambiental as medidas preventivas e correctoras no manexo de hexafluoruro de xofre (SF<sub>6</sub>).
- Con respecto ao efecto parpadeo, deberá indicar as medidas correctoras nos casos en que se supera o limiar establecido de 8h/ano, e considerar de non ser suficientes esas medidas propostas, a posibilidade de acometer paradas técnicas para garantir o cumprimento dos limiares.





- Con respecto ás augas residuais/ vertidos deberá referir a dispoñibilidade de pozos para a recollida de posibles fugas de aceite baixo os transformadores dos aeroxeradores, así como medidas de seguimento e control ao respecto.

Por último, no último parágrafo do informe informa de que *"no caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario"*.

O promotor emite un escrito de resposta, con data do 30.01.2023, no que indica que se atenderán todas as condicións establecidas no momento sinalado.

- Augas de Galicia emite informe, con data do 19.10.2022, no que relata os antecedentes e analiza a documentación aportada para posteriormente informar ao respecto.

Menciona que a memoria do EslA indica que o acondicionado das vías existentes afectará a varios cursos fluviais, concretamente entre os aeroxeradores BB-05 e BB-06, ao rego de Batán (Paradelas) e no extremo sur da poligonal, a un rego (sen denominación coñecida) afluente do río Calvar, e a creación das gabias afectará aos leitos: ao río Lourido, pola gabiá que discorrerá desde a subestación de Baralláns ao Monte de Lestó, ao río do Grelo, entre os aeroxeradores BB-01 e BB-02 (Bustelo) e á cabaceira do río Rodís, entre os aeroxeradores BB-03 e BB-04 (Cotón da Teixeira). O EslA inclúe unha identificación, caracterización e valoración de alteracións ou impactos, para posteriormente expoñer unha proposta de medidas preventivas, correctoras e/ou compensatorias, un programa de vixilancia ambiental e un plan de restauración.

Logo da análise da documentación procede a informar de diferentes aspectos como da rede fluvial, das zonas protexidas, das zonas inundables, dos aproveitamentos hídricos e das actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico, que se mencionan a continuación.

Respecto á rede fluvial, detállanse as afeccións ao medio hídrico por parte das instalacións proxectadas, segundo o visor de Augas de Galicia (algunhas das afeccións detectadas no EslA non se detectaron):

- Río Calvar (14902509). Afección á zona de policía polo acondicionado de vía existente entre os puntos (X=517.029,83; Y=4.782.996,20), (X=517.028,85; Y=4.782.994,25) e (X=516.983,80; Y=4.782.999,19).
- Rego do Batán (14902902). Cruzamento pola execución da gabiá de cableado no punto (X=514.885,77; Y=4.783.603,57) e pola execución de nova vía e acondicionado de vía existente no punto (X=514.888,53; Y=4.783.598,37). Afección a zona de policía pola execución de gabiá de cableado entre os puntos (X=514.984,62; Y=4.783.628,00) e (X=514.745,85; Y=4.783.687,48) e pola execución de nova vía e acondicionado de vía existente entre os puntos (X=514.989,45; Y=4.783.616,03) e (X=514.744,89; Y=4.783.672,94).
- Rego innominado (sen codificar) tributario do rego do Batán. Afección á zona de policía pola execución de gabiá de cableado entre os puntos (X=514.424,11; Y=4.783.867,73) e (X=514.315,05; Y=4.783.803,11).
- Rego de Lourido (149029). Cruzamento pola execución de gabiá de cableado nos puntos (X=513.660,29; Y=4.783.608,38) e (X=513.322,93; Y=4.782.504,22). Afección á zona de policía pola execución de gabiá de cableado entre os puntos (X=513.846,71; Y=4.783.812,88) e (X=513.427,54; Y=4.783.451,11), entre os puntos (X=513.191,03; Y=4.782.598,91) e (X=513.462,56; Y=4.782.409,62), e entre os puntos (X=513.462,20; Y=4.782.395,50) e (X=513.445,32; Y=4.782.330,01).







- Río do Grelo (1490250905). Cruzamento pola execución de gabiá de cableado no punto (X=514.163,90; Y=4.780.567,48). Afección á zona de policía pola execución de gabiá de cableado entre os puntos (X=514.038,56; Y=4.780.554,47) e (X=514.263,36; Y=4.780.562,30).
- Rego de Rodís (490250903). Afección á zona de policía pola execución de gabiá de cableado entre os puntos (X=515.264,30; Y=4.779.954,83) e (X=515.367,46; Y=4.780.007,76) e pola execución de nova vía entre os puntos (X=515.273,04; Y=4.779.954,23) e (X=515.359,73; Y=4.780.000,22).
- Rego innominado (sen codificar) tributario do rego de Casais (14903504). Afección á zona de policía pola execución de nova vía entre os puntos (X=513.510,70; Y=4.779.595,54) e (X=513.585,37; Y=4.779.542,23) e acondicionamento de vía existente entre os puntos (X=513.668,92; Y=4.779.501,87), (X=513.647,72; Y=4.779.508,38), (X=513.647,23; Y=4.779.506,86) e (X=513.667,11; Y=4.779.495,12).

Respecto ás zonas protexidas, o ámbito non afecta a ningunha das recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHG, pero si se detectan Zonas de Captación para Abastecemento Humano (recollidas no PHGC e no PHGC 2021-2027 pendente de ratificar). Na contorna da infraestrutura si existen varias zonas protexidas.

Respecto a zonas inundables, mencionase a lexislación vinculante e indícase que segundo o visor, non está afectado por ningunha Área con Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) fluvial.

Respecto aos aproveitamentos hídricos, segundo o Libro de Rexistro de Augas de Galicia constan varias captacións inscritas na contorna do ámbito de actuación, e que no caso de afectar a algunha destas, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudio, deberase contemplar a súa reposición.

Respecto ás actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico, mencionase a lexislación vinculante, indicando que se houberse algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización, e que para as obras que se desenvolvan deberanse cumprir as condicións particulares do informe, que se detallan a continuación:

- Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstos, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os leitos disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.
- Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.
- Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.
- Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata os leitos.
- Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.





- Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveles freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.
- No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, en zona de policía, a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.
- Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.
- Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.
- Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de préstamos en zona de policía de leitos.

Por último, conclúese que *"non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe"*.

O promotor emite un escrito de resposta e aceptación con data do 14.11.2022.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior emite un informe, con data do 13.09.2022, no que consta que revisada a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, sen prexuízo de que se puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

Engade que o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

En resposta a este informe, o promotor presenta un escrito no que mostra a súa aceptación con data do 22.09.2022.

- A Axencia de Turismo de Galicia emite un informe, con data do 25.11.2022, relevante a aspectos do estudo de impacto turístico solicitando completar a información co aporte de planos pero tamén versa sobre aspectos que son competencia doutros organismos.

En resposta, o promotor emite un escrito, con data do 11.01.2023, no que da resposta aos aspectos citados no informe.

- A Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitiu *"informe sobre o estudo de Impacto Ambiental do futuro parque eólico Bustelo e Baralláns sobre o radar meteorolóxico Monte Xesteiras"*, con data do 12.09.2022.

Amosa que a distancia entre os aeroxeradores e o radar meteorolóxico do Monte Xesteiras é superior aos 20 km, feito que, xunto coa solicitude das instalacións, fai que non se intercepte o feixe do radar.





Tras determinar que estudos previos demostraron que, baixo estas condicións, o impacto do parque eólico á calidade dos datos procedentes do radar sexa marxinal, este organismo considera viable a instalación do parque.

Aínda así, indica que non se analizou con detalle nin a localización dos aeroxeradores nin a climatoloxía da zona, implicando que non se pode excluír que nun futuro poidan aparecer problemas non contemplados actualmente e, se isto ocorre, poderíase solicitar á empresa promotora medidas compensatorias para reducir o impacto.

O promotor emite escrito de resposta e aceptación, con data do 22.09.2022.

- A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal emite informe, con data do 15.11.2022, no que apunta que se solicitou información sobre posibles afeccións ao medio forestal derivadas da execución do proxecto ao Distrito Forestal II, obténdose a seguinte información: os terreos ocupados polos aeroxeradores, as torres e a SET son solos con clara vocación forestal nos que predominan masas produtivas de *Eucalyptus spp.*, *Pinus spp.* e matogueira; o resto da infraestrutura discorre por terreos con uso forestal tamén e, en menor medida, zonas de uso agrícola; e os concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco están clasificados como zonas de alto risco de incendio.

O parque só ocupará montes privados de particulares, sen que resulten afectados montes públicos demaniais ou patrimoniais, montes veciñais en man común, nin masas consolidadas de frondosas autóctonas ou infraestruturas forestais relevantes.

Faise referencia ao cumprimento da lexislación relativa ao cumprimento das distancias de plantación, ás delimitacións das faixas de xestión de biomasa e á xestión das cortas de madeira.

Engade que *"durante a realización dos traballos debe evitarse a corta innecesaria do arboredo, respectando dentro do posible os pés illados de frondosas autóctonas e a vexetación de ribeira, polo que se procederá a identificar e sinalizar previamente estas masas co fin de diminuír o risco de danos accidentais pola maquinaria. De ser necesario, se establecerán medidas para o saneamento dos danos causados ao arboredo nos accesos e zonas adxacentes aos traballos, e a restauración da vexetación das zonas ocupadas temporalmente. A xestión da biomasa se realizará por medios mecánicos, rexeitando a súa queima ou o emprego de fitocidas"*.

O promotor emite escrito de resposta e aceptación con data do 11.01.2023.

- A Dirección Xeral de Defensa do Monte emite informe, con data do 11.11.2022, non que se indica que non se observan afeccións sobre as infraestruturas forestais que puideran impedir o correcto funcionamento das actividades de prevención ou posible extinción de incendios a executar, porén deberá velarse porque se manteñan en todo momento operativas, transitables e libres de obstáculos, e de verse afectadas repoñelas o antes posible.

Indícase a lexislación vinculante a cumprir relativa ás redes primarias de faixas de biomasa e ao cambio de uso forestal e conclúe informando favorablemente.

O promotor emite escrito de resposta e aceptación con data do 07.12.2022.

- A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, dende o Servizo de Infraestruturas Agrarias, emite informe do 23.09.2022 indicando que o proxecto non afecta a ningunha zona de concentración parcelaria (ZCP) facendo especial fincapé en que *"non é preciso informar dende este servizo"*.

O promotor emite escrito de resposta e aceptación do contido do informe.

- O Concello de Cabana de Bergantiños emite un informe valorativo da documentación presentada, con data do 30.09.2022, no que realiza unha descrición detallada do proxecto: infraestruturas, delimitación, superficies afectadas, coberturas e usos do solo, distancias aos núcleos de poboación e sobre outros aspectos de carácter urbanístico.





Ademais analiza as posibles afeccións sobre o patrimonio cultural, os espazos protexidos, as augas continentais, a paisaxe, as áreas incendiarias, os dereitos mineiros...

O informe conclúe que non presenta efectos significativos destacables, e o técnico mostra a súa conformidade co proxecto eólico.

O promotor emite un escrito de aceptación con data do 03.01.2023.

- O Concello de Coristanco emite informe sobre o EsIA no que cita varias consideracións relativas ao patrimonio cultural (só inclúe unha prospección na banda de 200 m no entorno das obras e non da poligonal completa, eivas no catálogo de bens afectados e nas súas coordenadas, recomenda unha prospección máis intensiva, unha revisión de todos os elementos do Patrimonio Cultural facendo fincapé sobre un Camiño Real, existencia dun túmulo indeterminado non adscrito, ausencia dun estudo de visibilidades respecto dos elementos patrimoniais, afección visual ao Castro de Lume de Suso, afección sobre un valado tradicional, afeccións sobre dous muíños con deficiente catalogación dos sistemas de condución de auga cara os mesmos...), relativas á hidrografía (afeccións sobre o río Lourido, rego dos Casais, rego das Fontes e rego de Rodís; non se establecen medidas concretas para previa afeccións sobre captacións de auga para as traídas veciñais e sobre mananciais...), relativas ao impacto acústico (non se valora a presión sonora xerada na fase de construción, non se xustifica de acordo á zonificación acústica do PXOM de Coristanco, non se analiza a afección sonora sobre gando e fauna silvestre...), relativas ao impacto e integración paisaxística (afección visual acentuada, non se tiveron en conta as Directrices da paisaxe de Galicia sobre o río Lourido...) e sobre o impacto turístico (solicítase maior profundización).

Por outra banda, tamén se citan aspectos non relativos á tramitación ambiental sobre as distancias aos núcleos de poboación, á clasificación da sensibilidade eólica e fotovoltaica ou sobre os campos electromagnéticos e afección sobre a rede de Televisión Dixital Terrestre.

O promotor emite escrito de resposta con data do 01.12.2022.

- A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) presentou, con data do 07.09.2022, unha consideración relacionado co artigo 34 da Lei 21/2013 e non coa fase de tramitación dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

- Doutra banda, non consta que a Deputación da Coruña emitira informe sobre o EsIA, achegando o órgano substantivo a respectiva solicitude de informe efectuada pola unidade tramitadora, tamén se remitiron as solicitudes de informe que se efectuaron como condición de interesado a ADEGA, á FEG, á SGO, á Asociación Ambiental Petón do Lobo e á Asociación Galega Cova Crea, sen que estas emitiran informe.

- Así mesmo, consta un informe da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, na súa condición de unidade tramitadora, con data do 28.02.2023. Neste informe indícanse os feitos e antecedentes do proxecto, as consideracións administrativas e técnicas sometidas a información pública, ademais de incluír unha relación dos informes sectoriais solicitados e emitidos no trámite ambiental e unha relación das alegacións recibidas durante a información pública.

Esta xefatura conclúe indicando que se considera "*que procede continuar coa tramitación do procedemento de avaliación de impacto ambiental*" e ademais, que "*non se valora a transcendencia administrativa das modificacións introducidas no proxecto respecto ao sometido a información pública*".

➤ No tocante ás alegacións, no expediente remitido polo órgano substantivo constan un total de 583 alegacións de carácter ambiental, das cales 573 foron presentadas por particulares e 10 por asociacións e organizacións. Cabe resaltar que a meirande parte das alegacións recibidas versan sobre contido idéntico ou moi similar.





Unha parte do contido de varias das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito de competencia do órgano ambiental (xustificación da utilidade pública do proxecto, afección económica e interese e retorno social, éxodo poboacional, fragmentación de proxectos eólicos, Plan sectorial eólico, zonificación ambiental para enerxías renovables...) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental.

No que se refire exclusivamente aos aspectos que poden atinxir á avaliación do impacto ambiental do proxecto (impacto ambiental en xeral, estudo de alternativas, incidencia sobre os núcleos de poboación, impacto acústico, impacto paisaxístico, afeccións á hidroloxía e hidroxeoloxía, afeccións á flora e fauna protexidas nas que se fai incidencia sobre a escribenta das canaveiras, afeccións a espazos naturais protexidos e a súa conectividade...) e sen prexuízo das aclaracións ou informacións achegadas polo promotor nas súas respostas ás ditas alegacións cabe referirse aquí ao recollido neste mesmo apartado 2 da DIA en relación cos informes emitidos polos organismos sectoriais con competencias nas materias aludidas, á documentación complementaria que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e á propia consideración final da DIA respecto da viabilidade ambiental do proxecto co cumprimento das condicións e medidas que se establecen ao longo deste documento ademais das que figuran no EsIA e a restante documentación avaliada no marco do trámite ambiental.

### 2.3. Efectos sinérxicos

No EsIA consta un anexo titulado *Anexo 10. Estudio de efectos acumulativos y sinérgicos del parque eólico "Bustelo y Baralláns". Modificado Sustancial* coa finalidade de cumprir coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental que indica que o EsIA debe conter unha avaliación dos efectos previsibles directos ou indirectos, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, o solo, o aire, a auga, os factores climáticos, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, incluíndo o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, durante as fases de execución, explotación e no seu caso, durante a demolición ou abandono do proxecto.

Neste documento analizouse a existencia de instalacións similares a dito proxecto nunha contorna de 10 km, coa conseguinte identificación de posibles efectos sinérxicos que se tiveron en conta tanto na cuantificación do impacto global do proxecto, como en cada un dos anexos do EsIA que valoran a afección ambiental sobre factores concretos (paisaxe, *flickering*, ruído...). A continuación, detállase a análise realizada no EsIA no referente aos efectos sinérxicos.

Respecto ás infraestruturas destinadas á xeración de enerxía eólica, na contorna de estudo, no momento da redacción do documento ambiental había un total de 15 parques eólicos e un total de 100 aeroxeradores: oito parques eólicos en funcionamento/ autorizados (Bustelo, Fontesilva Ampliación, Zas Repotenciación e Campelo), catro parques eólicos en trámites previos (Alto Torreiro; Monte Agrelo e Muriño; Monte Neme e; Varilongo), un parque eólico sen acceso á rede de evacuación (Salgueiras) e un parque eólico en información pública (O Cerqueiral).

Respecto ás instalacións de enerxía eléctrica existen un total de sete.

Respecto ás liñas eléctricas, a LAT proxectada para evacuar a enerxía xerada polo parque eólico Bustelo e Baralláns, discorre ao longo de 24,8 km, fronte aos 87,5 km existentes de tendidos de alta tensión e aos 329 km de media tensión, é dicir, dos 416, 5 km totais de liñas existentes, a LAT proxectada supón unicamente un incremento do 5,6%.

Respecto ás infraestruturas de transporte, que poden causar fragmentación, perda de hábitat e alteración da paisaxe na Área de Influencia Paisaxística, localízanse máis de 400 km de estradas.

Polo que, conclúe a análise determinando que hai unha importante presenza de infraestruturas eólicas tratándose dunha localización cun índice de saturación medio en canto á presenza de infraestruturas





enerxéticas, o que fai necesario realizar unha valoración das sinerxías. Distínguense afeccións sinérxicas sobre o clima, o medio natural, a paisaxe e o medio socioeconómico:

- Respecto ao clima, considérase que a actuación máis destacada é a contribución ao cambio climático, este será de signo positivo e de grande magnitude, contribuíndose de forma sinérxica e positiva á loita contra o cambio climático.
- En canto ao factor atmosfera, existe un efecto sinérxico potencial en canto á emisión de luz, *flickering*, ruído e campos electromagnéticos. Considérase un impacto desprezable pola escasa magnitude e a distancia a poboacións e vivendas illadas e o seu alcance a escala local. Realizouse un anexo de *flickering* e ruído no que de avalían os efectos sinérxicos.
- En canto á fauna prodúcese un efecto sinérxico debido a: molestias por ruídos (sinerxía desprezable pola súa escasa entidade e a distancia existente entre os distintos elementos), deterioro de hábitats (as plantacións forestais ocupan aproximadamente o 60% da extensión do parque) e efecto barreira (colisións de avifauna e quirópteros contra os aeroxeradores).
- Respecto á paisaxe, as sinerxías consisten na intrusión visual de elementos antrópicos, considerados compatibles neste caso. Para esta análise realizáronse distintas concas visuais e obtívose que a visibilidade total sinérxica é de 78.297 ha, polo que o proxecto incrementa moi levemente as zonas de percepción visual de novos eólicos dentro do ámbito de estudo. A visibilidade exclusiva do proxecto é moi baixa (66,9 ha) e case a metade da área visible componse de zonas nas que é visible á vez o proxecto e outros aeroxeradores.
- Respecto ao medio socioeconómico, suporá unha sinerxía positiva na xeración de emprego e rendas e creación de postos de traballo na contorna.

Tras a avaliación dos impactos, o EsIA conclúe que, a contribución ao cambio climático supón un impacto positivo; a emisión de luz, parpadeo se sombras e campos electromagnéticos supón un impacto leve-compatible; as emisións acústicas supoñen un impacto leve-compatible; o deterioro de hábitats supón un impacto leve-compatible; o efecto barreira (avifauna e quirópteros) supón un impacto leve-compatible; a intrusión visual de elementos antrópicos supón un impacto moderado; e a creación de postos de traballo supón un impacto moderado. É dicir, as sinerxías son ou ben positivas ou negativas pero compatibles e leves.

- No tocante as sinerxías e efectos acumulativos, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, no seu informe fai unha valoración dos mesmos logo de facer una revisión da "*identificación, descrición e análise dos efectos sinérxicos do proxecto efectuada no estudo de impacto ambiental sobre os factores do patrimonio natural e a biodiversidade*".

Posteriormente, co fin de analizar os efectos, calculouse o espazo afectado polos aeroxeradores dentro da ADE e as ADE veciñas, considerando a área afectada por cada aeroxerador en 1 km á redonda de cada posición. Para valorar a importancia da superficie afectada comparouse a suma das áreas afectadas coa dispoñibilidade dentro da ADE e ADE veciñas, ponderada en función da Rede galega de espazos protexidos e espazos ben conservados en estudo; delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas; reservas da biosfera; e resto do territorio. E a partir desta aproximación, en segundo lugar, avaliouese a situación local.

*"O proxecto analizado sitúase nunha contorna onde o alto nivel de ocupación podería xerar un excesivo efecto sinérxico principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna de terminar operando os tres parques eólicos que están a tramitarse actualmente (Monte Agrelo e Muriño, Alto Torreiro e Bustelo e Baralláns) xunto aos parques eólicos xa instalados (Mouriños e Silvarredonda)".*

*"O efecto sinérxico pode minorarse coa eliminación dalgúns aeroxeradores. Considerando a distribución dos proxectados neste parque eólico de Bustelo e Baralláns e os espazos que quedarían libres para as aves, os seus aeroxeradores concentran os seus impactos ao redor do parque eólico Silvarredonda, deixando*





*ampos espazos libres no resto de ADEs para as rapaces que precisan maiores áreas de campeo, polo que as máquinas deste proxecto son asumibles".*

- A Dirección Xeral de Saúde Pública indica no informe emitido, no referente a ruído e vibración, que na contorna se identifican dous parques eólicos a menos de 3 km (Silvarredonda e Alto Torreiro) e "*do estudo destas parques, e despois de analizar os valores no escenario 2 conclúe que non existen efectos acumulativos ou sinérxicos nos receptores máis sensibles estudados pero fai a comparativa cos valores da táboa A do Anexo II e non cos valores límites indicados na táboa B1 do Anexo III, aplicables a actividaes para zona tipo a de uso residual como 55 dBA para os períodos Día e Tarde e 45 dBA para o período Noite*".

Por outra banda, indica respecto ao parpadeo de sombras (*Shadow Flicker*) que respecto aos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos na contorna hai dous parques eólicos (os citados anteriormente) a unha distancia de 5 km, e estuda 4 receptores que se solapan nas áreas de influencia destes parques, e que, polo tanto, deberían experimentar un efecto acumulativo (como non hai datos operacionais, simúlase o continuo funcionamento ao longo de todo o ano e as mesmas horas de sol que dito parque eólico). O resultado mostra que só dous receptores experimentarían un efecto acumulativos polos outros dous parques superior a 8h/ano.

- O Instituto de Estudos do Territorio, indica no seu informe que a incidencia visual do parque eólico Bustelo e Baralláns verase incrementada polo efecto sinérxico doutros parques eólicos na contorna do proxecto, sendo os máis próximos un parque en explotación, situado a 800 m ao leste da posición do aeroxerador BB-01, e outro en tramitación, a 1,5 km ao noroeste do aeroxerador BB-05. Aínda así, considera que esta incidencia visual "*non supón un impacto crítico*" e é "*susceptible de ser mitigada mediante determinadas medidas preventivas*".

- O informe do Concello de Coristanco tamén fai unha mención ao estudo de sinerxías en relación ao parque eólico Alto Torreiro, co que comparte infraestruturas este proxecto.

### 3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque eólico Bustelo e Baralláns consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 36 MW de potencia total nos concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco (A Coruña), constituído por 6 aeroxeradores de 6 MW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
V01	515.400	4.784.960
V02	517.370	4.783.390
V03	517.370	4.782.550
V04	513.750	4.783.250
V05	513.750	4.781.200
V06	516.150	4.780.400
V07	516.150	4.780.020
V08	514.670	4.779.290
V09	513.170	4.779.290
V10	512.630	4.783.640





A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no **Plano 02. Planta General del Parque sobre BTG 2020** do documento titulado *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico "Bustelo y Baralláns". Modificado Sustancial* (asinado dixitalmente o 13.01.2022).

## 4. CONDICIÓN AMBIENTAIS

### 4.1. Condicións particulares

1. Considerando o exposto no apartado 2. *Tramitación e análise do expediente*, establécese como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes que constan no expediente, ademais do recollido no EsIA, e na restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevalecerán fronte as do EsIA ou a restante documentación no caso de contradición entre elas e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte ás anteriores.

2. En relación coa vulnerabilidade do proxecto ante riscos derivados de accidentes graves e catástrofes, teranse en conta as recomendacións recollidas no correspondente plan, elaborado por un técnico competente, e que deberán acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio de actividade por parte da autoridade competente.

3. No que respecta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o promotor deberá elaborar unha proposta detallada referente ás medidas adicionais sinaladas pola dita dirección xeral para garantir a minimización do impacto por colisión en aves (pintado das aspas dos aeroxeradores de acordo cos criterios establecidos pola antedita dirección xeral e implementar tecnoloxías de redución do impacto por colisión tales como sistemas de detección baseados en vídeo) e quirópteros (restrinxir a rotación das pas o máis posible por baixo da velocidade de réxime), así como as diversas actuacións a desenvolver no marco do programa de vixilancia ambiental para verificar a eficacia das ditas medidas.

Deberanse ter en conta tamén as demais condicións que se recollen no seu informe.

A documentación que elabore o promotor para dar resposta ao anterior, deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Nese momento, o órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.3 da DIA.

4. No referido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en canto ás condicións e consideracións establecidas no seu informe, o promotor deberá actuar segundo as directrices recollidas no mesmo.

Ademais, a documentación elaborada e presentada polo promotor para dar resposta ao anterior, deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.3 da DIA.

5. No que se refire ao informado polo Instituto de Estudos do Territorio, deberase adoptar as medidas necesarias para reducir o impacto visual no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores. Estudárase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes, empregando sempre que sexa posible especies autóctonas.

6. En canto á posible afección do proxecto sobre a poboación e a saúde humana en relación co efecto parpadeo de sombras (*shadow flicker*) durante a fase de funcionamento do parque, nos potenciais receptores non se poderán superar os limiares de exposición que en cada momento estableza a autoridade competente ou normas que o regulen, téndose que adoptar as medidas mitigadoras







oportunas (por exemplo, instalación de barreiras ou pantallas) ou programar paradas temporais dos aeroxeradores implicados no caso de que se supere o limiar recomendado.

Deberase levar a cabo un seguimento da posible incidencia deste efecto sobre os receptores considerados, recollendo os seus resultados nos informes do programa de vixilancia ambiental segundo se indica no punto 5.3 da DIA.

Neste sentido, o promotor deberá actuar segundo as directrices establecidas no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública con respecto ao parpadeo de sombras, así como con respecto aos outros aspectos referidos como respecto do emprego do hexafloruro de xofre (SF<sub>6</sub>) nos equipos eléctricos, que con carácter previo ao inicio das obras, deberá aportar as medidas preventivas e correctoras no manexo do mesmo.

O documento que elabore o promotor para dar cumprimento ao anterior, deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Saúde Pública. Nese momento, o órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.3 da DIA.

7. O promotor deberá presentar un plano ou bosquejo onde se reflecta a configuración final do proxecto, así como unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) das posicións definitivas das infraestruturas, no caso de que se produzan cambios.

O órgano substantivo, achegará a este órgano ambiental, previamente ao inicio obras, para a súa constancia no expediente, unha copia da dita documentación, de acordo co requirido na condición 4.3.3 da DIA.

8. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración, conforme ao disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Proponse como importe do aval, que será actualizable e deberá fixar o órgano substantivo, a cantidade de 496.052 euros, dos cales 212.594 corresponden á fase de obras e 283.458 á de desmantelamento e abandono do parque eólico.

Para a cancelación do dito aval será preciso o informe favorable do órgano ambiental, logo do levantamento dunha acta de comprobación pola inspección ambiental conforme establece o referido Decreto 455/1996.

A solicitude de cancelación realizarase a través do órgano substantivo, e só se poderá efectuar unha vez estean totalmente rematados os labores de restauración e integración paisaxística e logo de que o promotor acredite, mediante os informes do programa de vixilancia ambiental e calquera outra documentación que se considere oportuna de ser o caso, a suficiencia e o éxito dos traballos efectuados, tanto os referentes á restauración (coa vexetación debidamente implantada) como ás demais actuacións relacionadas coa imposición do aval ambiental.

## 4.2. Condicións xerais

Ademais do condicionado establecido no punto anterior, ao proxecto seranlle de aplicación, segundo proceda, as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriormente indicadas:

### 4.2.1 Protección da atmosfera

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.





2. Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.

3. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento do parque deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).

Para tal fin, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque, o promotor levará a cabo un plan de seguimento do nivel de ruído ao abeiro do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia de desenvolvemento da normativa básica estatal en materia de ruído, por unha entidade acreditada polo organismo nacional de acreditación (ENAC) como laboratorio de ensaios acústicos ou como entidade acreditada. En ambos casos, no ámbito do ruído ambiental, teranse en conta os aspectos que se indican no punto 5.2 desta DIA.

#### 4.2.2 Protección das augas e leitos fluviais

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas asolagables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de conca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e, no que sexa aplicable, o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

2. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte aos arrastres e escorregamentos, tal e como se establece no punto 4.2.3.6 da DIA.

3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e útiles nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

4. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou degradación da súa contorna.





Polo que durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

5. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

Neste sentido, na execución dos alicerces e das gabias do cableado haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes, aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

6. Na rede viaria do parque disporanse as estruturas de drenaxe transversal e lonxitudinal necesarias para non modificar o actual réxime hidrolóxico da zona e permitir a libre circulación das augas. Evitarase a xeración de zonas asolagadas, o transvase de auga dunha microcunca a outra ou a concentración de grandes fluxos de auga en valgadas con escasa capacidade de acollida.

A incorporación das augas procedentes da rede de drenaxe do parque cara o dominio público hidráulico deberá ser gradual, polo que á saída das drenaxes transversais e nos puntos onde a auga das cunetas se incorpore ao terreo, así como nos tramos de cuneta en zonas de elevada pendente, dispoñeranse sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

Tanto na fase de obras como na de explotación do parque, realizarase un control do correcto funcionamento desta rede de drenaxes, do estado dos dispositivos de disipación de enerxía e das condicións de incorporación das augas de drenaxe á rede natural, téndose que adoptar as medidas protectoras e correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos. Así mesmo, esta rede de drenaxes será obxecto dos oportunos labores de mantemento para garantir a súa operatividade.

Para tal fin, o promotor deberá contar cun plan de control da rede de drenaxes do parque, incorporándoo ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. O formigón necesario para a execución do proxecto será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que contén coas debidas autorizacións.

8. A limpeza das cubas das formigoneiras realizarase nas plantas subministradoras sempre que sexa posible. De non ser así, poderá habilitarse unha balsa para tal fin, que deberá estar adecuadamente impermeabilizada e afastada de cursos fluviais. Os restos nela almacenados deberanse entregar a un xestor autorizado ou, no caso de que se pretenda a súa vertedura ao medio, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

9. A subestación e edificio de control, deberán contar cunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais que se xeren nela. No caso de que a dita fosa séptica non sexa de tipo estanco, o promotor deberá obter do organismo deunca a correspondente autorización de vertedura. Así mesmo, realizaráselle o mantemento necesario para garantir o seu correcto funcionamento.

#### 4.2.3 Protección do solo e infraestruturas

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao establecido nesta DIA. Non se poderá ocupar terreos fóra dos previstos.

2. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.





3. As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e seguirán estritamente o indicado e autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

4. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa, en cuxo caso seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes serán restaurados ao finalizar a obra.

5. No caso de ter que realizar algún depósito de sobrantes de escavación que non poidan ser empregados na propia obra, o promotor deberá contar cos permisos ou autorizacións que resulten oportunos, e proceder á súa restauración e revexetación unha vez rematada a obra.

6. Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberanse dispoñer mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.

7. Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais de produtos contaminantes como aceites, graxas e carburantes de motores.

8. No caso de ter que realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas, ...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha á contorna. En calquera caso, se estes se producisen, deberán retirarse da zona e ser depositados nun lugar autorizado.

9. A circulación de vehículos e maquinaria no parque, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto (áreas de manobra).

10. Os elementos do parque non poderán supoñer un obstáculo para o normal uso das pistas ou devasas que puideran existir na zona, debéndose garantir a súa operatividade.

11. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.

12. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido á execución da actuación, deberá restituírse a súa calidade e funcionalidade aos niveis previos ao inicio das obras.

#### 4.2.4 Xestión de residuos

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento do parque eólico deberán xestionarse en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe e a reutilización fronte á vertedura.

2. Para a zona destinada a casetas de obra, parque de maquinaria, amoreamento de materiais, etcétera, deberá seleccionarse unha localización de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastada de calquera curso de auga, hábitats de interese comunitario ou área de protección arqueolóxica.

A dita zona deberá estar dotada das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dispoñer dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras. As casetas de obra deberán dispoñer dun sistema estanco de tratamento químico das augas residuais.





Así mesmo, co obxecto de evitar a dispersión de accións potencialmente contaminadoras e favorecer un adecuado control ambiental, no caso de que finalmente sexa necesario dispoñer dunha área de limpeza das cubas das formigoneiras tendo en conta o sinalado na condición 4.2.2.8, esta localizarase preferiblemente na zona dedicada ás instalacións de obra.

3. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

4. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado realizarase na área de casetas de obra/parque de maquinaria durante a fase de obras, e no recinto contemplado polo promotor no EsIA durante a fase de funcionamento. Sinalizarase claramente a presenza dos distintos tipos de residuos e cumprirse en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

5. Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras. Os residuos de construción que sexan trasladados a vertedoiro autorizado, presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.

#### 4.2.5 Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

Con carácter xeral, no desenvolvemento do proxecto garantirase que non se vexan afectados compoñentes do medio natural (tal que as especies de flora e fauna ou os hábitats naturais) que gocen dun réxime de protección legal, atendendo ao disposto nas leis 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, sen prexuízo de calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.

##### 4.2.5.1. Sobre a fauna

1. Para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (prestando especial atención á que puidera gozar dalgún réxime de protección legal), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

2. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Atenderase especialmente á presenza de aves rapaces ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Se entre as aves rapaces que poidan facer uso da zona do parque se atopasen rapinas do xénero *Circus* (tartaraña cincenta *Circus pygargus* e gatafornela *Circus cyaneus*, catalogadas como vulnerables no CGEA), que nidifican sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto son susceptibles de verse afectadas polas obras, previamente aos labores de roza da vexetación levaranse a cabo as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das infraestruturas e instalacións proxectadas.

No caso de detectar a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona do parque) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións co obxecto de garantir a tranquilidade das aves.





4. Para aquelas especies de fauna que contén un plan de recuperación, conservación ou xestión, adoptaranse as medidas e actuacións recollidas na dita planificación, cando proceda. No caso de ser necesaria a realización do seguimento con estudos de especies protexidas, será necesario contar coas autorizacións correspondentes.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para minimizar o potencial impacto da rede viaria do parque sobre a pequena fauna (réptiles, anfibios, micromamíferos...), tanto polo risco de atropelo como polo efecto barreira, así como para garantir que as obras de drenaxe e outras estruturas non supoñan unha trampa para a dita fauna.

Ademais, no caso de que nalgún dos vieiros do parque sexa necesario colocar pasos canadenses para impedir o paso de gando, estes deberán ir dotados de medidas que posibiliten o escape dos pequenos animais que poidan caer ao foxo. As ditas medidas poden consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, en dotar ao foxo dunha rampla de subida da fauna (con superficie rugosa e pendente suave), abrir un ou dous laterais do foxo ou darlle saída ao exterior mediante unha tubaxe de diámetro suficiente (mínimo 40 cm).

Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre a pequena fauna (incluíndo, de instalarse pasos canadenses, controis de mortalidade nos foxos), incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

6. Respecto á avifauna e os morcegos, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia ou non de afeccións sobre os seus efectivos poboacionais e detectar cambios no comportamento e usos do hábitat producidos pola instalación e/ou presenza dos aeroxeradores.

No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir a dita situación, entre as que se poden considerar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, eliminación de gando morto (ou cubrición ata a súa retirada) para evitar atracción de aves preeiras, parada de máquinas en días con condicións meteorolóxicas moi desfavorables e de baixa visibilidade, evitar a rotación das pas en horarios (ocaso e primeiras horas da noite), épocas do ano e condicións meteorolóxicas (baixas velocidades do vento, etc) de maior actividade de quirópteros, eliminación ou relocalización de aeroxeradores conflictivos, etcétera.

No caso concreto das especies preeiras, estarase ao disposto na Resolución do 21 de marzo de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se establecen determinadas medidas para previr as colisións de aves nos parques eólicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para tal fin, o promotor deberá levar a cabo un plan de seguimento da avifauna e quirópteros de acordo co sinalado no punto 5.2 da DIA.

7. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento da posible aparición de efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) sobre a avifauna e os quirópteros entre os parques eólicos que existan no contorno no momento en que este parque eólico entre en funcionamento (fosen ou non considerados na documentación avaliada). Teranse en conta tamén as súas infraestruturas de evacuación de enerxía se fora o caso. Este seguimento realizarase mediante a valoración conxunta dos resultados dos seus respectivos plans de vixilancia, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse a aparición deste tipo de efectos.

#### 4.2.5.2 Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Con carácter xeral, a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto. Empregaranse sistemas mecánicos, non facendo uso do lume nin de fitocidas.

2. A corta de arboredo limitarase ao imprescindible, lembrando que previamente terá que presentar a declaración ou solicitar a autorización segundo corresponda, así como a comunicación final ao remate do aproveitamento de ser o caso, en función do disposto na normativa de aplicación.





3. A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou trituración da biomasa forestal residual, agás por razóns xustificadas ou aquelas outras establecidas consonte a lexislación en materia de montes.

4. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima *in situ* destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. En calquera caso, terase presente a lexislación sectorial en materia forestal e de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Neste contexto, no caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos forestais de menor tamaño nunha porcentaxe do 50 % sobre o total que se vai extraer. Unha vez executado o aproveitamento, en casos de corta final, deberán realizarse as actuacións necesarias encamiñadas á rexeneración da superficie afectada. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e espaxamento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque.

6. Para garantir a non afección e a conservación das especies de flora ameazada que puideran estar presentes na zona de actuación, adoptaranse as medidas preventivas oportunas (balizamento perimetral da súa localización, delimitación das áreas de presenza nos planos de obra, seguimento do estado de conservación dos exemplares e das medidas adoptadas, etc.) e de ser o caso, as medidas correctoras ou compensatorias necesarias. Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre as ditas especies, incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. En canto aos hábitats naturais, e co fin de garantir que as actuacións sexan compatibles coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, prestarase especial atención, sen prexuízo doutras, ás medidas de control sobre a afección a solos e vexetación que figuran nesta DIA, balizando adecuadamente as distintas zonas de obra e evitando afeccións non previstas.

8. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación,...). No programa de vixilancia ambiental incorporaranse os controis oportunos para acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicalas.

#### 4.2.6 Integración paisaxística e restauración

1. Adoptaranse medidas que maximicen a integración paisaxística da actuación proxectada. No caso da subestación e edificio de control empregaranse materiais, texturas e cores que harmonicen coa contorna buscando a maior integración cromática e textural posible. Así mesmo, nos traballos de execución e acondicionamento dos vieiros minimizaranse os movementos de terras e coidarase que o firme contraste o menos posible coa contorna.

2. Se na zona existen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

3. Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras (marxes dos vieiros, contorno das obras de drenaxe, gabias do cableado, plataformas de montaxe dos aeroxeradores -que deberán ser revexetadas en toda a súa extensión, podéndose deixar un camiño de acceso ata a porta do aeroxerador para os vehículos de mantemento ordinario-, contorno da subestación e da torre meteorolóxica, área/s de casetas de obra e parque de maquinaria, zonas de amoreamento de materiais





ou residuos, áreas de préstamo e/ou vertedura de excedentes dos movementos de terras se fora o caso...) deberán ser restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, nas actuacións de restauración e revexetación a levar a cabo teranse en conta as seguintes consideracións:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras, os labores de restauración e revexetación deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acaden o seu estado definitivo.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada na obra, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas e que teñan características similares ás do terreo a restaurar, tanto desde o punto de vista edafolóxico como respecto das especies vexetais presentes.
- No que respecta á sementeira, a mestura deberá conter necesariamente especies arbustivas e leguminosas, sen prexuízo das de crecemento rápido que se consideren apropiadas para a zona. A proporción de cada grupo de especies na mestura axustarase, con carácter xeral, ás seguintes porcentaxes: 70% para o conxunto de gramíneas, 15% para as leguminosas e 15% para as arbustivas. A dose a empregar será como mínimo de 30 gr/m<sup>2</sup> (300 kg/ha).
- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- Realizarase un seguimento da efectividade dos labores de restauración e revexetación e procederase á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas. Incrementarase a intensidade deste seguimento no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da vexetación e levaranse a cabo actuacións adicionais de restauración se o éxito desta non é o axeitado.

4. Unha vez finalizada a vida útil do parque eólico, ou ben no caso de que quedase definitivamente fóra de servizo por calquera causa, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalo e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación.

Considerarase, con carácter xeral e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, a desmontaxe e retirada dos aeroxeradores, torre meteorolóxica e subestación transformadora (de existir un edificio de control, pode ficar para outros usos), demolición da parte superior do pedestal ou peaña das zapatas, restauración dos novos vieiros creados para uso exclusivo do parque, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.

5. De xeito previo ao desmantelamento presentarase o correspondente proxecto e documentación para a súa avaliación ambiental.

### 4.3 Outras condicións

1. Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo.
2. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio







ambiente deberá selle notificar previamente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a través do órgano substantivo e acompañado da pertinente valoración ambiental comparativa, para que o órgano ambiental o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso as condicións que cómpre impoñerlle ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

3. O promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo e coa suficiente antelación, a data prevista de inicio de obras do parque.

Xunto coa dita comunicación, o órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Dirección Xeral de Saúde Pública e da Axencia de Turismo de Galicia aos que se fai referencia nas condicións 4.1.3, 4.1.4, 4.1.6 e 4.1.7 da DIA, xunto coa documentación na que se basee.

4. O promotor comunicará ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo, a data de posta en marcha da instalación.

## 5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

### 5.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas problemáticas ou coñecementos xurdidos.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberá selle incorporar os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os obxectivos indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e a interacción entre eles e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.
- Lémbrese que sempre que exista a acreditación e alcance correspondente, os estudos e controis preoperacionais, tomas de mostras, medicións e analíticas, tanto na fase previa ao inicio das obras como nas de replanteo, obras, explotación ou abandono, realizaranse por entidades acreditadas polo organismo nacional de acreditación (ENAC) co alcance correspondente a cada tipo de control, toma de mostras, medición ou analítica a realizar, e que os informes estarán asinados e amparados pola dita acreditación. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de seguimento.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, no EsIA ou nesta DIA, comunicáraselle inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a





existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

## 5.2. Aspectos específicos

1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído ao que se fai referencia na condición 4.2.1, tomando como base a proposta do EsIA, terase en conta o seguinte:

- O promotor deberá incorporar ao programa de vixilancia e seguimento ambiental un documento no que se recolla pormenorizadamente toda a información relativa á metodoloxía do seguimento, aspectos técnicos das medicións, cálculos, límites legais, medidas protectoras e correctoras e calquera outra que resulte procedente ao abeiro da normativa vixente en materia de ruídos.
- En canto aos puntos de control propostos consideraranse como mínimo os lugares propostos na documentación. As medicións realizaranse na contorna das vivendas ou edificacións máis próximas aos aeroxeradores e non no interior dos núcleos, para considerar así os puntos potencialmente máis vulnerables. A localización de cada punto deberá definirse coas súas coordenadas UTM (ETRS89) e reflectirse nun plano a escala mínima 1: 10.000.
- Deberan constar os resultados da campaña preoperacional con medicións en todos os puntos indicados, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo para comparalos cos que se obteñan en cada período de seguimento.
- En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuarase medicións cunha periodicidade mensual, en cada punto e no momento no que se estean executando as obras asociadas ao seu contorno, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa. Na fase de funcionamento será mensual o primeiro semestre, trimestral o segundo, e tamén trimestral durante o segundo ano de explotación, podendo logo variar en función dos resultados obtidos.

3. En canto aos plans de vixilancia, controis e demais actuacións ás que se fai referencia no punto 4.2.5 da DIA, terase en conta o seguinte:

- Tal e como se desprende do punto 5.1, deberá incorporarse co suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran no dito punto 4.2.5:
  - Control da nidificación de avifauna protexida ou de interese sobre o solo ou en arboredo.
  - Protección doutra fauna (réptiles, anfibios, pequenos mamíferos,...), detección de atropelos, control das obras de drenaxe e, no seu caso, dos pasos canadenses.
  - Seguimento de avifauna, quirópteros e de posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos).
  - Protección de hábitats naturais e outras especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, en cumprimento das disposicións normativas que lles resulten de aplicación e do disposto nesta DIA.
  - Detección de especies invasoras.
  - Etcétera.
- No caso concreto do plan de seguimento de avifauna e de quirópteros (naquilo que resulte de aplicación), sen prexuízo do que figure na documentación achegada polo promotor, no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en relación coas condicións mínimas para os plans de vixilancia ambiental no relativo ao control da mortalidade por colisión na fase de explotación





ou do que se poida derivar da condición 4.1.1, 4.1.2, ou de calquera outra desta DIA, teranse en conta as seguintes indicacións:

- Disporase dos estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e os usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxios (morcegos), durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etcétera, co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia para detectar posibles cambios nestes aspectos pola instalación e presenza do parque. Estes estudos preoperacionais deberán cubrir o ciclo anual completo do conxunto de especies inventariadas na zona, prestando especial atención a aquelas que ostenten algunha figura de protección, por exemplo e sen prexuízo doutras, as sinaladas no punto 1.3 desta DIA.
- Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia do parque eólico sobre a avifauna, especificando os controis a efectuar e a súa frecuencia, considerando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves ante os aeroxeradores e a detección de morte por colisión.

Descríbese a metodoloxía para a estimación dos índices de colisión e a súa variación estacional, e a dun estudo do voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves na zona do parque (uso do espazo).

Incluírase unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (polo tamaño, vexetación do contorno, etcétera) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección para corrixir as posibles desviacións.

- A periodicidade das visitas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias, invernales e migratorias. Co obxecto de diminuír na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros, as visitas para a detección de aves mortas por colisión terán como mínimo unha periodicidade mensual. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha taxa de desaparición de cadáveres propia para a zona do parque, poderíase axustar a dita frecuencia. Terase en conta que pode resultar preciso incrementar a frecuencia en épocas de paso migratorio e de dispersión de xuvenís.
- Definición cuantitativa e cualitativa de limiares de risco por colisión e aparición de efecto baleiro, que indiquen a necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes limiares deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou listas vermellas máis actualizadas.
- Defínense as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, considerando entre elas as sinaladas no punto 4.2.5.1 desta DIA sen prexuízo do que se derive da condición 4.1.2.
- Descríbese o método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluírán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas), outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración (considerando tanto o período abranguido polo informe como o acumulado de datos de informes anteriores), discusión e conclusións finais.

### 5.3. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental. Estes informes estarán asinados polo





persoal técnico responsable da súa elaboración e terán que contar coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento da DIA.

Os informes avaliarán pormenorizadamente o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos considerados nela, así como das indicacións, valoracións e medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias contidas no EslA e a restante documentación avaliada.

Con carácter xeral, incluíranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos complementarios que se efectúen e os que, no seu caso, xa consten no EslA ou as súas addendas se é o caso, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.

Sen prexuízo do que, co curso do tempo, se poida derivar do desenvolvemento do programa de vixilancia, o seguimento da DIA estruturarase nos seguintes informes:

1. Durante a execución das obras o promotor presentará, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:

- a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo a adopción das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase dunha reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:5.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM (ETRS89), no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- c) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (con medicións en plena actividade, indicando persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante as medicións), control da calidade das augas, funcionamento da rede de drenaxes e mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico), seguimento de avifauna e quirópteros, protección da pequena fauna e hábitats e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.5 e 5 da DIA.
- d) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas), así como os da aplicación das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias e/ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra, etcétera.

2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous meses contados desde o remate dos traballos, o promotor achegará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:

- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalle o estado final do parque e da área afectada tras a finalización das obras, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá así mesmo un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os aeroxeradores, contorno da subestación, torre meteorolóxica, estado dos vieiros, cunetas e drenaxes, gabias do cableado, estado de limpeza da área (en especial das zonas de instalacións de obra e parque de maquinaria), zonas onde se





efectuaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, etc. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

- c) Plano *as built*, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflecta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do parque, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias. Incluirase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) das posicións definitivas dos aeroxeradores, da subestación e da torre meteorolóxica.
- d) Ficheiros dixitais do plano *as built* coas seguintes capas: poligonal do parque, aeroxeradores, subestación, vieiros e torre meteorolóxica. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM, adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI *shapefile* (.shp).

3. Unha vez iniciada a explotación do parque o promotor deberá presentar, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:

- a) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (identificando os aeroxeradores en marcha durante as medicións), do seguimento do efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker*, do control do funcionamento da rede de drenaxes do parque e o mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico) e do seguimento da calidade das augas, conforme se deriva dos puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2 e 5 da DIA.
- b) Resultados dos plans de seguimento de avifauna e quirópteros (incluído todo o relativo ao desenvolvemento e eficacia das medidas adicionais ás que fai referencia a condición 4.1.3 da DIA) das medidas de protección de pequena fauna, hábitats naturais e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, e seguimento dos posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos), tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.5 e 5 da DIA.

No caso do plan de vixilancia ambiental e control da mortalidade por colisión de aves e quirópteros terase en conta o establecido no *Punto V. Condicións mínimas para os plans de vixilancia ambiental no relativo ao control da mortalidade por colisión en parques eólicos durante a fase de explotación* do informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

- c) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal e de integración paisaxística da instalación, aparición de especies invasoras se é o caso, estado dos vieiros, cunetas, plataformas de montaxe, gabias do cableado, contorno da torre meteorolóxica, contorno da subestación así como daquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.
- d) Conterá tamén unha avaliación da eficacia e evolución de todas as medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA) e a descrición, se é o caso, das incidencias acontecidas e as solucións adoptadas. Detallaranse así mesmo, para aqueles outros indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas).

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor cursada ante o órgano substantivo, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes que se deben realizar en anos posteriores.

4. **Informe previo ao abandono:** cunha antelación de seis meses respecto da data prevista para a finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con





memoria, planos, pregos de condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) no que se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento da condición 4.2.6.4.

**5. Informe posterior ao abandono:** transcorridos dous meses desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, o promotor achegará un informe coa descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Incluirá unha reportaxe fotográfica que reflicta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.





## 6. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Manuel Díaz Cano  
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos  
(asinado electronicamente)

---

## RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental do parque eólico Bustelo e Baralláns, considerando que o proxecto, segundo a documentación aportada polo órgano substantivo, é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no Estudo de Impacto Ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

Así mesmo, non exime ao promotor de obter calquera outra autorización, licenza, permiso ou informe que sexa necesario para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático  
(asinado electronicamente)

